

José Manuel Amigo Vázquez
NOTARIO

Montero Rios, 17 bajo
Tel. 981 595 356 - Fax. 981 571 914
15706 SANTIAGO

-- MODIFICACION DE ESTATUTOS --

NUMERO MIL CENTO NOVENTA E SEIS.-----

EN SANTIAGO, a miña residencia, a un de xullo de
dous mil dez.-----

Perante min, JOSÉ-MANUEL AMIGO VÁZQUEZ, Notario
do Ilustre Colexio de Galicia,-----

C O M P A R E C E:

DON JOSÉ-ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, maior de ida-
de, casado, veciño desta cidade, con domicilio a es-
tes efectos en Edificio Administrativo de San Caeta-
no, s/nº; D.N.I. 76.711.589-B.-----

INTERVÉN en representación da **FUNDACION PARA O
FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO
TECNOLOXICO DE GALICIA**, con C.I.F. G-32217663, domi-
ciliada en Santiago de Compostela, Praza de Europa
10, 6º-A (Area Central), que ten por obxecto princi-
pal destinar e afectar o seu patrimonio á realización
de fins xerais de interese galego, no ámbito secto-
rial e territorial no que a súa denominación e fins
se contraen, e ao fomento da calidade industrial e o

ES COPIA SIMPLE

desenvolvemento tecnolóxico de Galicia. -----



Constituída por tempo indefinido en escritura outorgada o 1 de outubro de 1996 perante o Notario de Santiago Don José Antonio Montero Pardo, e inscrita no Rexistro de Fundacións co número 1.996/13. -----

Actúa como Secretario do Padroado, cargo cuxo nomeamento e aceptación resultan da escritura autorizada por mín, o 17 de setembro de 2.009, cuxa copia autorizada tiveren á vista e da que resultan as referidas circunstancias de denonimación, forma e domicilio sociais, que segundo manifesta, non variaron. -----

Resulta especialmente facultado para este acto por acordo tomado polo Padroado na xuntanza de data 25 de maio de 2.010, como resulta da certificación expedida polo comparecente, como Secretario, co visto e prace do Presidente, Don Javier Guerra Fernández, que **engado** a esta matriz, sendo lexítimas as sinaturas que a autorizan, a do comparecente, por recoñece-la como súa e as demais por cotexo con outras existentes no meu protocolo. -----

Ao meu xuízo son suficientes as facultades representativas acreditadas para este outorgamento, en razón do seu cargo. -----

Identifícoo pola súa documentación sinalada e



ES COPIA SIMPLE

amosada. Ten, ao meu xuízo, capacidade legal suficiente para esta escritura, a cuxo fin,-----

O U T O R G A:

Executa os acordos tomados nas xuntanzas do Padroado celebradas, do carácter de universal, os días 30 de Decembro de 2.008 e 29 de Decembro de 2.009, na forma e modo que resulta das certificacións expedidas polo comparecente, como Secretario, co visto e prace do Presidente, Don Javier Guerra Fernández, que incorporo a esta matriz, sendo lexítimas as sinaturas que a autorizan, a do comparecente, por recoñecela como súa e as demais por cotexo con outas existentes no meu protocolo.-----

Faime entrega e incorporo a esta matriz fotocopia dos estatutos íntegros da fundación, que recollen as modificacións estatutarias aprobadas, estentidos en trece folios escritos polo seu anverso.-----

Fago as reservas e advertencias legais.-----

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: O comparecente queda informado da incorporación dos seus

datos ós ficheros existentes nesta Notaria, con carácter confidencial. A súa finalidade é realizar a formalización do presente instrumento público, a súa facturación e seguimento posterior, a conservación no seu caso dos documentos de identidade das persoas físicas, a realización de remisións de obrigado cumprimento as Administracións Públicas así como as funcións e obrigacións propias da actividade notarial. Os datos serán tratados e protexidos según a lexislación Notarial e a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal. -

Léolle esta escritura, pola súa elección; apróbanla e firma comigo, Notario, que dou fe de que o consentimento foi libremente prestado, de que o outorgamento se adecúa á legalidade e á vontade debidamente informada do comparecente, e do consignado neste instrumento público, extendido en dous folios de papel exclusivo para documentos notariais, serie 9X, números o do presente e o anterior en orde correlativa de numeración.- Está a firma do comparecente.- Siguen o signo, firma, rubrica e selo do Notario autorizante.-



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia

D. José Alfonso Marnotes González, con DNI 76.711.589-B,
Secretario da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e
Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, CIF G-32.217.663

CERTIFICA

Que na xuntanza do Padroado da Fundación de data 25 de maio de 2010, que fora debidamente convocada de acordo cos seus estatutos sociais, coa asistencia de todos os membros, e debidamente aprobada ao remate da sesión, adoptouse por unanimidade, entre outros, o acordo de facultar expresamente a D. José Alfonso Marnotes González, con DNI 76.711.589-B, Secretario da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia para que poida elevar a público os acordos de modificación de estatutos tomados nas xuntanzas de Padroado de data 30 de decembro de 2008 e de 29 de decembro de 2009, facultándoo especialmente en todo o necesario e convida para a súa execución, desenvolvemento e cumprimento, para firmar cantos documentos públicos ou privados, engadidos ós de índole fiscal, sexan precisos ou convidaes, e para realizar cantas actuacións conveñan para a súa mellor execución ata chegar a súa inscrición no Rexistro de Fundacións, podendo outorgar incluso escrituras de ratificación, subsanación e/ou aclaración a vista das suxerencias verbais e/ou a cualificación escrita do encargado de Rexistro.

E para que conste aos efectos oportunos expídese á presente, en Santiago de Compostela, a 25 de maio de 2010

Visto e prace, o Presidente


D. Javier Guerra Fernández


O Secretario



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia

D. José Alfonso Marnotes González, con DNI 76.711.589-B, Secretario da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, CIF G-32.217.663

CERTIFICA

Que na xuntanza do Padroado da Fundación de data 30 de decembro de 2008, que fora debidamente convocada de acordo cos seus estatutos sociais, coa asistencia de todos os membros, e debidamente aprobada ao remate da sesión, adoptouse por unanimidade, entre outros, o acordo:

De modificación dos estatutos da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia logo dos cambios legislativos operados pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a efectos de adaptar os devanditos Estatutos á ditada norma legal. A modificación dos seus Estatutos e da seguinte forma:


ARTIGO 1º.- DENOMINACIÓN DA FUNDACIÓN E NATUREZA XURÍDICA.

A Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia é unha organización constituída sen fins de lucro, que por vontade dos seus creadores ten afectado de modo duradeiro ou seu patrimonio á realización de fins de interese xeral, que se constitúe ao amparo do artigo 34.1 da Constitución Española.

A Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia terá a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e dos seus organismos autónomos, sen prexuízo das encomendas que poidan efectuar outras administracións respecto das cales a Fundación cumpra os requisitos necesarios para ser considerada como medio propio daquelas no concernente á realización das actividades propias do seu obxecto social que estas lle encarguen, estando obrigada a realízalas.

As relacións coas anteriores entidades, por conseguinte, non se considerarán de natureza contractual, sendo para todos os efectos de carácter interno, dependente e subordinado e articulándose a través de encomendas de xestión das previstas no artigo 24.6º da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En calquera caso, as encomendas de xestión que lle poidan efectuar referiranse sempre a actuacións concretas, requirindo a tales efectos da preceptiva e previa resolución do órgano que efectúa a encomenda onde se identificarán os termos e





condicións nos que deberá realizarse dita encomenda.

No caso de retribución dos traballos que leve a cabo a Fundación, o importe destes determinarase nas encomendas, calculándose de maneira que permita a recuperación dos investimentos realizados e os custos de xestión, no seu caso. A retribución poderá consistir nunha achega en diñeiro ou en especie, neste último caso, mediante a entrega de bens ou dereitos.

ARTIGO 3º.- RÉXIME XURÍDICO.

A Fundación rexerese, en todo caso, polo disposto na normativa vixente en cada momento en materia de fundacións do sector público galego e polo resto de disposicións que lle sexan aplicables.

ARTIGO 5º.- ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN.


Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- a) Fomento das actividades de certificación, inspección, auditoría, ensaio e calibración, promovendo a aplicación da normativa española e comunitaria relacionada co sistema integrado da calidade industrial.*
- b) Fomento do desenvolvemento tecnolóxico, investigación e enxeñaría e á creación de novos produtos e procesos así como os ensaios técnicos, tanto de materias primas como de materiais.*
- c) Fomento dos traballos de seguimento, control, avaliación e prospectiva da promoción industrial, da calidade, da sociedade da información e da investigación, desenvolvemento e innovación empresarial.*
- d) Fomento de actuacións para a relación, participación e colaboración con organismos e entidades públicas e privadas de calquera índole relacionadas co apoio á internacionalización das empresas galegas.*
- e) A elaboración, xestión e seguimento de propostas de acción para o desenvolvemento en materia de promoción industrial, sociedade da información, e fomento da investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, vinculadas a fondos europeos.*
- f) A elaboración de estudos, investigación de mercados, proxectos de seguimento e control de desenvolvemento sectorial, relativos tanto á estruturación, cooperación e coordinación dos conglomerados clúster, distritos ou metadistritos industriais existentes, e doutros posibles en sectores emerxentes, así como á cooperación entre empresas de Galicia.*



- g) A planificación e desenvolvemento de actividades de observación en Galicia en materia de promoción industrial, sociedade da información, excelencia e calidade empresarial e internacionalización e comercio exterior. Así coma a elaboración de estudos e estatísticas de análise, seguimento, e difusión en relación as accións dos plans galegos da sociedade da información.
- h) A prestación de asesoramento e apoio técnico a organismos e entes, públicos ou privados, para o desenvolvemento dos proxectos que se executen no ámbito da sociedade da información e da promoción industrial en Galicia.
- i) Xestión do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira.
- j) Xestionar o Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.
- k) Xestión do Centro de Innovación e Servizos do Deseño e a Tecnoloxía.
- l) Fomentar no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia a creación e axeitado funcionamento dunha rede de laboratorios acreditados que cubran as necesidades de ensaio de carácter industrial.
- m) Involucrar aos medios de comunicación no proceso de difusión e promoción da calidade, o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a formación.
- n) A Fundación promoverá a celebración de cursos, seminarios, ciclos de conferencias e demais actos semellantes para a formación do persoal técnico, para a información das súas actividades e propósitos e para a difusión dos seus obxectivos. Poderá, igualmente, editar e distribuír publicacións monográficas e periódicas, folletos informativos e outras publicacións.
- o) Realización das actuacións que, en materia do seu obxecto, encoméndenlle á Consellería de Innovación e Industria e os seus organismos autónomos e as administracións respecto das cales a fundación cumpra os requisitos necesarios para ser considerada como medio propio daquelas.
- p) En xeral, o desenvolvemento de calquera outra actividade que faga progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector industrial.

A actividade da fundación, non está determinada polo ánimo de lucro, e esta desenvolverá as súas funcións, principalmente en Galicia.





ARTIGO 18º.- RÉXIME E RECURSOS ECONÓMICOS.

Os recursos económicos da Fundación conformaranse por:

- a) A dotación inicial.
- b) Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos.
- c) Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas, ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- d) Os ingresos procedentes das sociedades filiais ou empresas en que participe.
- e) Os rendementos do seu patrimonio.
- f) Subvencións, axudas, donativos e legados.
- g) Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.
- h) As remuneracións derivadas da prestación de servizos ou pola realización de actuacións que lle sexan encomendadas, de conformidade co seu obxecto social, pola Consellería de Innovación e Industria, os seus organismos autónomos ou entes dependentes ou, no seu caso, calquera outra administración pública respecto da cal a fundación cumpra os requisitos necesarios para elo.
- i) Calquera outro, no marco legal de aplicación.

Por unanimidade dos presentes acordouse a modificación dos estatutos, instando á Xerencia á redacción dos novos estatutos, e a súa tramitación ante os organismos pertinentes

E para que conste aos efectos oportunos expídese á presente, en Santiago de Compostela, a 25 de maio de 2010

Visto e prace, o Presidente


D. Javier Guerra Fernández


O Secretario



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia

D. José Alfonso Marnotes González, con DNI 76.711.589-B,
Secretario da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e
Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, CIF G-32.217.663

CERTIFICA

Que na xuntanza do Padroado da Fundación de data 29 de decembro de 2009, que fora debidamente convocada de acordo cos seus estatutos sociais, coa asistencia de todos os membros, e debidamente aprobada ao remate da sesión, adoptouse por unanimidade, entre outros, o acordo de modificación na redacción do artigo 18.g dos estatutos, réxime e recursos económicos, incluíndo as autorizacións ás que fan referencia as diferentes leis anuais de orzamentos da Comunidade, e que para o exercicio 2009 veñen recollidas no artigo 35 da Lei 16/2008. do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e que quedou redactado como segue:

"Artigo 18.g


Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos previa autorización da Consellería competente, ao amparo do establecido nas correspondentes leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma"

E para que conste aos efectos oportunos expídese á presente, en Santiago de Compostela, a 25 de maio de 2010

Visto e prace, o Presidente

D. Javier Guerra Fernández

O Secretario





"ESTATUTOS DA FUNDACION PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA"

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1º.-DENOMINACIÓN DA FUNDACIÓN E NATUREZA XURÍDICA

A Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia é unha organización constituída sen fins de lucro, que por vontade dos seus creadores ten afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral, que se constituíe ao amparo do artigo 34.1 da Constitución Española.

A Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia terá a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e dos seus organismos autónomos, sen prerxuízo das encomendas que poidan efectuar outras administracións respecto das cales a Fundación cumpra os requisitos necesarios para ser considerada como medio propio daquelas no concernente á realización das actividades propias do seu obxecto social que estas lle encarguen, estando a realizalas.

As relacións coas anteriores entidades, por conseguinte, non se considerarán de natureza contractual, sendo para todos os efectos de carácter interno, dependente e subordinado e articulándose a través de encomendas de xestión das previstas no artigo 24.6º da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En calquera caso, as encomendas de xestión que lle poidan efectuar referiranse sempre a actuacións concretas, requirindo a tales efectos da preceptiva e previa resolución do órgano que efectúe a encomenda onde se identificarán os termos e condicións nos que deberá realizarse dita encomenda.

No caso de retribución dos traballos que leve a cabo a Fundación, o importe destes determinarase nas encomendas, calculándose de maneira que permita a recuperación dos investimentos realizados e os custos de xestión, no seu caso. A retribución poderá consistir nunha achega en diñeiro ou en especie, neste último, mediante a entrega de bens ou dereitos.

ARTIGO 2º.- CAPACIDADE XURÍDICA E DE OBRAR.

Para o cumprimento dos seus fins e en defensa dos seus intereses e dereitos, a Fundación terá plena capacidade xurídica e de obrar. En consecuencia, con carácter enunciativo e non limitativo poderá adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar, e enaxenar toda clase de bens; celebrar contratos, obrigarse; promover, seguir, opoñerse e desistir dos procedementos que fosen oportunos; exercitar as accións, excepcións e recursos que segundo a lei correspóndelle ante toda clase de tribunais, organismos, corporacións, autoridades competentes e entidades, tanto de dereito público como de dereito privado e, en xeral, todos os actos necesarios para conseguir, de acordo coa lexislación aplicable a cada suposto, os obxectivos establecidos nestes Estatutos.

A Fundación adquirirá personalidade xurídica dende o outorgamento da Carta Fundacional en escritura pública, unha vez cualificada e inscrita no Rexistro de Fundacións.

ARTIGO 3º.- RÉXIME XURÍDICO.

A Fundación rexerese, en todo caso, polo disposto na normativa vixente en cada momento en materia de fundacións do sector público galego e polo resto de disposicións que lle sexan aplicables.

ARTIGO 4º.- OBXECTO E FINS.

O obxecto principal da fundación é destinar e afectar o seu patrimonio á realización de fins xerais de interese galego, no ámbito sectorial e territorial no que a súa denominación e fins se contraen, e ao fomento da calidade industrial e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

ARTIGO 5º.- ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN.


Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- a) *Fomento das actividades de certificación, inspeccións, auditoría, ensaio e calibración, promovendo a aplicación da normativa española e comunitaria relacionada co sistema integrado da calidade industrial.*
- b) *Fomento do desenvolvemento tecnolóxico, investigación e enxeñaría e á creación de novos produtos e procesos así como os ensaios técnicos, tanto de materias primas como de materiais.*
- c) *Fomento dos traballos de seguimento, control, avaliación e prospectiva da promoción industrial, da calidade, da sociedade da información e da investigación, desenvolvemento e innovación empresarial.*



XUNTA DE GALICIA

- d) *Fomento de actuacións para a relación, participación e colaboración con organismos e entidades públicas e privadas de calquera indole relacionadas co apoio á internacionalización das empresas galegas.*
- e) *A elaboración, xestión e seguimento de propostas de acción para o desenvolvemento en materia de promoción industrial, sociedade da información, e fomento da investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, vinculadas a fondos europeos.*
- f) *A elaboración de estudos, investigación de mercados, proxectos de seguimento e control de desenvolvemento sectorial, relativos tanto á estruturación, cooperación e coordinación dos conglomerados clúster, distritos ou metadistritos industriais existentes, e doutros posibles en sectores emerxentes, así como á cooperación entre empresas de Galicia.*
- g) *A planificación e desenvolvemento de actividades de observación en Galicia en materia de promoción industrial, sociedade da información, excelencia e calidade empresarial e internacionalización e comercio exterior. Así como a elaboración de estudos e estatísticas de análise, seguimento e difusión en relación as accións dos plans galegos da sociedade da información.*
- h) *A prestación de asesoramento e apoio técnico a organismos e entes, públicos ou privados, para o desenvolvemento dos proxectos que se executen no ámbito da sociedade e da promoción industrial en Galicia.*
- i) *Xestión do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira.*
- j) *Xestionar o Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia*
- k) *Xestión do Centro de Innovación e Servizos do Deseño e a Tecnoloxía*
- l) *Fomentar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a creación e axeitado funcionamento dunha rede de laboratorios acreditados que cubran as necesidades de ensaio de carácter industrial.*
- m) *Involucrar aos medios de comunicación no proceso de difusión e promoción da calidade, o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a formación.*
- n) *A Fundación promoverá a celebración de cursos, seminarios, ciclos de conferencias e demais actos semellantes para a formación do persoal técnico, para a información das súas actividades e propósitos e para a difusión dos seus obxectivos. Poderá, igualmente, editar e distribuír publicacións monográficas e periódicas, folletos informativos e outras publicacións.*



- o) Realización das actuacións que, en materia do seu obxecto, encomendándolle á Consellería de Innovación e Industria e os seus organismos autónomos e as administracións respecto das cales a fundación cumpra os requisitos necesarios para ser considerada como medio propio daquelas.*
- p) En xeral, o desenvolvemento de calquera outra actividade que faga progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector industrial.*

A actividade da fundación, non está determinada polo ánimo de lucro, e esta desenvolverá as súas funcións, principalmente en Galicia.

ARTIGO 6º.- DOMICILIO.

O domicilio da Fundación radicará na Praza de Europa, nº 10, 6º A, (Área Central), 15.707, en Santiago de Compostela (A Coruña). A Fundación poderá establecer sucursais e centros en outras localidades da Comunidade Autónoma.

ARTIGO 7º.- BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios da acción da Fundación todas as persoas físicas e xurídicas que, de calquera forma, teñan relación co seu obxecto nas condicións que, de acordo con estes estatutos e posteriores acordos que a Fundación determine.

CAPÍTULO II

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

ARTIGO 8º.- ÓRGANO DE GOBERNO.

O órgano de goberno da fundación é o Padroado.

ARTIGO 9º.- OUTROS ÓRGANOS DA FUNDACIÓN.

Outro órgano da fundación é o Órgano de Xestión, constituído de maneira unipersoal por un Xerente.

Sen prexuízo do establecido anteriormente, o Padroado, a súa iniciativa ou a do Presidente da Fundación, poderá crear órganos para estudos e finalidades concretas, coas denominacións de consellos asesores, seccións, relatorios, comisións de estudos, comités organizadores ou comisións de traballo.





ARTIGO 10º.- O PADROADO.

O Padroado é o órgano de goberno da Fundación, que asume a súa dirección e control. Correspóndelle velar polo cumprimento dos fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o rendemento e utilidade dos mesmos con suxeición ó disposto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos

O padroado da fundación estará composto por un número variable de membros, comprendidos entre un mínimo de 6 e un máximo de 9.

De forma permanente o Padroado comporase dos seguintes membros:

- a) Presidente: O Conselleiro competente en materia de industria.*
- b) Secretario: será designado polo Presidente.*
- c) Vogais:*
 - O Secretario xeral da consellería competente en materia de industria.*
 - un representante da consellería competente en materia de sociedade da información, con rango de Director xeral.*
 - un representante da consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento con rango de Director xeral.*
 - un representante da consellería competente en materia de metroloxía, con rango de Director xeral.*

A elección dos restantes membros, que corresponderá o propio Padroado, realizarase por maioría de 2/3 dos patróns membros permanentes.

ARTIGO 11º.- FUNCIONS DO PADROADO.

Serán funcións do Padroado:

Sinalar os criterios de actuación da Fundación dentro do marco fixado por estes Estatutos.

- b) Adoptar as medidas e disposicións convenientes que garanten o mellor cumprimento dos fins establecidos.*
- c) Aprobación dos plans xerais, que deben reflectirse nos seus orzamentos anuais que tamén aprobará.*



- d) *Aprobar o inventario-balance anual, a liquidación do presuposto e da conta de resultados, consecuencia da xestión asistencial e económica da entidade no período anterior.*
- e) *Nomear ao Xerente da Fundación, a proposta do Presidente, de conformidade coas normas legais de aplicación.*
- f) *Aprobar a política de persoal e o réxime retributivo.*
- g) *Adoptar os acordos de disposición e gravame sobre os bens mobles e inmobles que constitúen o patrimonio da Fundación.*
- h) *Aprobar a memoria anual da Fundación.*
- i) *Os lexítimos representantes da Fundación poderán aceptar herdanzas, legados e doazóns. As herdanzas a favor da Fundación enténdense aceptadas sempre a beneficio de inventario. As herdanzas e legados a favor da Fundación non poden ser repudiadas, nin as doazóns rexeitadas sen a autorización previa e expresa do Protectorado. Para a aceptación de legados e doazóns con carga será necesaria, así mesmo, a autorización expresa do Protectorado.*
- l) *Calquera outra función non asignada expresamente a outro órgano.*

Con suxeición á normativa vixente, o Padroado poderá conferir poderes ou delegar as súas funcións no Xerente, Comisións ou Comités que se constituán e a cargos directivos da Fundación ou membros do Padroado.

Poderán ser membros do padroado as persoas físicas ou as persoas xurídicas. O cargo de patrón recaído en persoa física deberá exercerse persoalmente; non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro patrón por el designado. Esta actuación será sempre para actos concretos e deberá axustarse ás instrucións que, no seu caso, o representado formule por escrito.

Poderá actuar en nome de quen fose chamado a exercer a función do patrón por razón do cargo que ocupase, a persoa a quen corresponda a súa substitución.

As persoas xurídicas que forman parte do padroado, deberán designar á persoa ou persoas físicas que as representen nos termos establecidos nos Estatutos.

De conformidade coa lexislación vixente, os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de aceptar expresamente o cargo en documento público, en documento privado con firma lexitimada por notario ou mediante a súa comparecencia realizada ao efecto ante o Rexistro de Fundacións.

Así mesmo, a aceptación poderá levarse a cabo ante o Padroado, acreditándose a través de certificación expedida polo Secretario, con firma lexitimada notarialmente.





XUNTA DE GALICIA

En todo caso, a aceptación notificarase formalmente ao Protectorado, e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

Os patróns deberán desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os patróns responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e prexuízos que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos, ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo.

Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo, e quen probe que, non habendo intervido na súa adopción e execución, descoñecía a súa existencia ou, coñecéndoa, fixo todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxo expresamente a aquel.

A acción de responsabilidade presentarase ante a autoridade xudicial e en nome da fundación:

- a) Polo propio órgano de goberno da fundación, previo acordo motivado del, e na que na súa adopción non participara o patrón afectado.*
- b) Polo Protectorado, nos termos establecidos no artigo 35.2. da lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións.*
- c) Polos patróns disidentes ou ausentes, nos termos do apartado 2 do artigo 17 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións, así como polo fundador cando non fose patrón.*

ARTIGO 12º.- O PRESIDENTE DO PADROADO.

Correspóndelle ao Presidente do Padroado as seguintes funcións:

- a) Exercer a representación da Fundación e do seu Padroado.*
- b) Convocar, presidir, suspender ou levantar as sesións, arbitrar as deliberacións do Padroado e desfacer os empates co seu voto de calidade.*

Autorizar a asistencia de outras persoas ás reunións do Padroado, en calidade de acompañantes dos seus membros, se a súa presenza se xulga conveniente pola natureza das cuestións a debater.

- d) Supervisar as operacións da Fundación, e presentar ao Padroado os informes que considere oportunos.*
- e) Calquera outra función que lle sexa validamente encomendada ou delegada polo Padroado.*

ARTIGO 13º.- FUNCIONAMENTO, CONVOCATORIA E ACORDOS DO PADROADO.

Periodicidade das sesións.

O Padroado reunirse en sesión ordinaria con periodicidade semestral e en sesión extraordinaria cando así o acorde o Presidente por iniciativa propia ou a solicitude dun terzo dos seus membros.

Convocatoria.

Para a válida constitución das sesións requírese convocatoria por escrito dirixida a cada vogal na que se expresará a orde do día, lugar e hora da sesión, con cinco días de antelación.

No caso de sesión extraordinaria, a convocatoria poderase realizar con vintecatro horas de antelación por un medio que permita deixar constancia. Así mesmo, considerarase constituído o Padroado en sesión extraordinaria, cando estando presente a totalidade dos seus membros así o acorden.

En tal caso o Padroado quedará validamente constituído para tratar os temas que unanimesmente decidirán os seus membros con dereito a voto, incluír na orde do día.



Acordos.

Para que quede validamente constituído o Padroado requírese a concorrencia, presentes ou representados por outros membros do Padroado, da metade máis un dos seus membros.

Os acordos, se a lei non existe un quórum especial, adoptaranse por maioría absoluta e, en caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

O Padroado pode promover a modificación dos estatutos mediante acordo motivado e voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes, sempre que, ademais, supoña maioría absoluta dos seus membros, con exposición razoada da modificación, texto de substitución e estudo económico da súa viabilidade.

Non serán válidos os acordos que non consten na orde do día, salvo que unanimesmente fora anexoado ao mesmo algún punto que ampare a adopción do acordo.





XUNTA DE GALICIA

ARTIGO 14º.- CARÁCTER GRATUÍTO DO EXERCICIO DO CARGO DE PATRÓN.

Os cargos integrantes do padroado e a presidencia serán desempeñados con carácter gratuíto, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas que no desempeño das súas funcións lles ocasione, de conformidade co artigo 8 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.

ARTIGO 15º.- ÓRGANO DE XESTIÓN: O XERENTE.

O Padroado nomeará un Xerente a proposta do Presidente atendendo ós principios de capacidade e mérito, que será o superior órgano unipersoal de xestión da fundación.

A Fundación formalizará co Xerente contrato laboral axeitado ó seu cometido.

Para o seu nomeamento faise necesaria unha maioría de dous tercios dos asistentes e que ademais supoña a maioría absoluta dos membros.


ARTIGO 16º.- FUNCIÓNS DO XERENTE.

Correspóndelle ao Xerente, baixo a superior dirección do Padroado:


- a) A preparación dos asuntos do Padroado.*
- b) Executar e facer cumprir-las acordos do Padroado e as instrucións do Presidente impartidas no marco das súas atribucións*
- c) Proponer e executa-las estratexias e políticas de actuación da Fundación*
- d) Ostentar, por delegación do seu Presidente, a representación da Fundación nos supostos de ausencia do Presidente*
- e) A competencia de supervisión das actividades dos órganos e servizos da Fundación.*

Dirixir, xestionar e inspeccionar, de acordo coas directrices do Padroado, a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel na práctica asistencial e demais fins da Fundación

- g) Divulgar e facer cumprir-las normas de funcionamento interno da Fundación, globais e en cada unha das súas unidades organizativas.*
- h) Elaborar e proponer ó Padroado o orzamento anual de gastos e ingresos e as súas revisións*



- i) *Informar regularmente ó Padroado dos resultados de xestión, operativos e financeiros, e especificamente prepara-la memoria do exercicio e balance de situación.*
- j) *Ordenar e controlar a execución dos plans e programas específicos aprobados polo Padroado, os seus orzamentos, balances, liquidacións, contas e memoria, efectuando os trámites precisos, tales como anuncios, convocatorias de axudas, etc., e, así mesmo todos os actos e contratos que requiran a posta en marcha de ditos plans e programas.*
- k) *Con carácter de urxencia, e dentro dos límites legalmente establecidos, acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas, así como os recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación, dándolle conta desto ó Padroado na primeira sesión que se celebre.*
- l) *O efectivo goberno e administración da Fundación, salvo avocación, e previa delegación expresa do Presidente, especialmente para :*
- *Formalizar e aprobar toda clase de actos, convenios e contratos, sexan de índole civil, mercantil, laboral, administrativo ou de calquera outra clase, que a mellor realización dos fins da Fundación requira, dando conta o Padroado.*
 - *Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado e executa-los acordos de Padroado sobre réxime retributivo.*
 - *Administrar o patrimonio de acordo coas leis e as atribucións conferidas polo Padroado.*
 - *Dentro dos límites establecidos polo Padroado, a adquisición de bens e servizos, así como a contratación de consultaría, asistencia técnica e de obras.*
 - *Ostenta-la representación legal da Fundación, en xuízo e fora del, exercitando tódolos dereitos e accións que os diversos asuntos requiran sen limitación algunha e coa facultade de outorgar cantos poderes sexan necesarios.*
 - *Dentro dos límites e criterios establecidos polo Padroado, o ordenamento de pagos e a xestión de tesourería.*
- m) *Asistir as reunións do Padroado, nas que terá voz, pero non voto*
- n) *Calquera outra función que lle delegue o Padroado.*





CAPÍTULO III

RÉXIME PATRIMONIAL, FINANCEIRO E CONTABLE

ARTIGO 17º.- O PATRIMONIO.


O patrimonio da Fundación poderá estar constituído por bens e dereitos de calquera clase. A súa adquisición, administración e disposición corresponde aos órganos da Fundación de acordo cos estatutos e con suxeición ás normas da lei e o regulamento. Poderán adscribirse á Fundación bens e dereitos sen que iso implique a transmisión do dominio.

O patrimonio da Fundación quedará reflectido no inventario que revisará e aprobará anualmente o Padroado. Os bens que sexan susceptibles de inscrición, inscribiranse no Rexistro da Propiedade. Os fondos públicos e valores mobiliarios deberán depositarse o seu nome nos establecementos financeiros. Os bens que integran o patrimonio fundacional, sen prexuízo dos actos necesarios para a súa xestión e administración, quedan afectos exclusivamente ao cumprimento directo ou indirecto dos fins fundacionais.

ARTIGO 18º.- RÉGIME E RECURSOS ECONÓMICOS.

Os recursos económicos da Fundación conformaranse por:

- a) A dotación inicial*
- b) Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos*
- c) Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas, ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.*
- d) Os ingresos procedentes das sociedades filiais ou empresas en que participe.*
- e) Os rendementos do seu patrimonio*
- f) Subvencións, axudas, donativos e legados.*
- g) Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos previa autorización da Consellería competente, ao amparo do establecido nas correspondentes leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.*
- h) As remuneracións derivadas da prestación de servizos ou pola realización de actuacións que lle sexan encomendadas, de conformidade co seu obxecto social, pola consellería de Innovación e Industria, os seus organismos autónomos ou entes dependentes ou, no seu caso, calquera outra administración pública respecto da cal a fundación cumpra os requisitos necesarios para elo.*
- i) Calquera outro, no marco legal de aplicación.*



ARTIGO 19º.- ORZAMENTO

Antes do inicio de cada exercicio, o Padroado da Fundación aprobará e remitirá ao Protectorado o Orzamento de Ingresos e Gastos correspondente a dito exercicio, que non poderá ser presentado con déficit. Na confección do orzamento seguiranse os criterios do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado, e o seu correspondente Regulamento de aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado, aprobado polo Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro; polo Real Decreto 776/1998, do 30 de abril, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins de lucro e as normas de información orzamentaria destas entidades; pola Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións, tal e como establece la Disposición Transitoria Primeira da citada lei, en aqueles artigos afectados polo novo marco xurídico; polas demais disposicións aplicables vixentes e por estes Estatutos.

O Padroado deberá confeccionar un orzamento extraordinario cando se trate de levar a cabo actuacións excepcionais, non incluídas no presuposto ordinario que requira a súa aprobación polo Protectorado.

En todo caso, os orzamentos terán que adaptarse ao establecido na lexislación relacionada neste artigo.

ARTIGO 20º.- COMUNICACIÓN AO PROTECTORADO.


Un exemplar do inventario-balance, Conta de Perdas e Ganancias, a memoria anual e a liquidación do Orzamento do ano anterior serán enviados anualmente ao Protectorado polo Padroado da Fundación, dentro do prazo de seis meses seguintes á data de peche do exercicio, acompañados de certificación expresiva de que todos eles son fiel reflexo da contabilidade.

CAPÍTULO IV

FISCALIZACIÓN

ARTIGO 21º.- AUDITORÍA E CONTROL FINANCEIRO.

Someteranse a auditoría externa as contas da Fundación nos supostos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo do control financeiro que corresponda exercer aos órganos correspondentes da Xunta de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO V

DA EXTINCIÓN E LIQUIDACIÓN DA FUNDACIÓN

ARTIGO 22º.- DA EXTINCIÓN E LIQUIDACIÓN DA FUNDACIÓN.

extinción da Fundación realizarase por acordo dos membros do Padroado ou por imposibilidade legal ou material de cumprir cos seus obxectivos.

No caso de acordo de extinción (disolución), será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña maioría absoluta do número dos seus membros e, en todo caso, deberá ser ratificado polo Protectorado.

Serán de aplicación os artigos 39 e 40 do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego.

A fundación extinguirase de acordo co establecido no artigo 3.6 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e demais lexislación vixente. En consecuencia, no caso de disolución, o patrimonio destinarase na súa totalidade a algunha das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado aos efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da citada Lei 49/2002, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral.

Disposición Adicional

En todo caso, o previsto nestes estatutos non implica limitación ou substitución das competencias que ao Protectorado atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións ás que a Fundación expresamente se somete.

